

**Sr. Presidente**

**As organizacións que integramos a Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública de Vigo queremos manifestarlle a nosa preocupación pola situación do Novo Hospital Universitario que o seu Goberno planificou para a área sanitaria de Vigo, e que estaba destinado a resolver as graves deficiencias dos actuais centros hospitalarios.**

**A situación é de tal gravidade que non entendemos como a decisión política de construír un Novo Hospital, tomada con total lexitimidade, desenvolvida ao longo do seu mandato, e unha vez rematados os tramites administrativos pertinentes, non sexa licitada, máxime cando o seu financiamento xa está asignado á Sociedade Pública de Investimentos, e polo tanto garantido no ámbito do sector público.**

**A causa da nosa preocupación é que, co atraso da súa licitación a través da Sociedade Pública de Investimentos, este proceso poda verse interrompido ou sufrir importantes cambios en canto á súa dimensión, tipo de financiamento e xestión, que afectarían ao seu carácter de Hospital Público estratéxico.**

**Sostemos esta preocupación nas importantes presións do sector privado (construtoras, aseguradoras, empresas do sector da sanidade privada, etc.) que pretende incrementar os seus beneficios en base a entrar no financiamento e na xestión da sanidade pública, segundo o modelo aplicado polo Partido Popular para financiar as novas infraestruturas sanitarias nas Comunidades Autónomas nas que ten responsabilidades de goberno.**

**Desde a Plataforma consideramos necesario:**

- que o novo hospital se inicie no menor tempo posible dados os graves problemas que afectan á asistencia sanitaria da área de Vigo;**
- que o seu financiamento e a súa xestión sexa pública para evitar que a planificación e a asistencia sanitaria queden en mans privadas;**
- que a súa dotación de servizos garantan o seu carácter estratéxico como centro universitario, de investigación e de referencia no tratamento do cancro;**
- e que o seu número de camas permita incorporar a toda a poboación da área sanitaria de Vigo, evitando a situación de discriminación actual entre a poboación atendida por Hospitais públicos e privados.**

**Somos conscientes das presións que soporta do goberno entrante, que pretende paralizar unha decisión que vai en contra dos seus plans privatizadores e da súa intención de manter o concerto singular de POVISA; pero consideramos que o proxecto de Novo Hospital, que a súa administración planificou, que vostede presentou publicamente e que tantas expectativas suscitou entre os profesionais e a cidadanía da área de Vigo, merece que tome a decisión de deixalo licitado antes de rematar a súa responsabilidade.**

**En base a todo isto pedímoslle que licite o Novo Hospital de Vigo antes de abandonar a presidencia da Xunta de Galicia. Moitas das persoas que depositaron a súa confianza en vostede agradeceranllo como un dos seus últimos servizos a Vigo.**